

- Velaquí un profeta canso. Ofréceche, Xesús, as súas loitas e esperanzas.
- Velaquí un político desbordado. Ofréceche, Xesús, o seu desengano.
- Velaquí unha moza desilusionada. Ofréceche, Xesús, os seus soños rotos.
- Velaquí un ancián abandonado. Ofréceche, Xesús, a súa soidade.
- Velaquí un enfermo desatendido. Ofréceche, Xesús, os seus sufrimentos.
- E eu preséntome como un xornalista que otea os signos dos tempos. Ofrézoche, Señor, as insatisfaccións e soños do pobo.

Viñemos ata aquí, Xesús, porque cremos en ti. Sabemos que es o Deus que ama o noso mundo. E se ti, Deus neno, amas, estamos salvados. Ti es a Salvación e o camiño para salvarnos.

- Señor Xesús, fainos comprender que seguindo o camiño de Belén seremos en ti renovados e poderemos ser construtores do mundo novo, da harmonía, a beleza, a convivencia, a felicidade, a solidariedade e o amor.
- Señor Xesús, cando ti baixaches do ceo, no silencio da noite, coma se nada ocorrese, seica foi como o caravel que se deixou caer no horto de María; pero non, cando ti baixaches do ceo, produciuse un segredo e gozoso estremecemento na terra. Era o principio da renovación total. Parecía que nada acontecera, pero as enerxías liberadoras empezaron xa a fermentar.
- Señor Xesús, –que ten a túa mirada? Hai moita forza nos teus ollos transparentes; atráennos e conmóvennos. Cando nos miras, sentímonos renovados e queridos. Non tes luz, es Luz; cando nos miras, acéndenos. Míranos, Xesús, non se aparte a túa mirada de nós.

E volveremos gozosos ás nosas casas. E seremos testemuñas do que vimos. E daremos a todos boas noticias. Diremos que as crises van ser superadas, pero que temos que cambiar; que hai

que deixarse iluminar pola luz de Belén. Todo cambiará cando aprendamos do Neno a ser máis sinxelos, máis desprendidos, máis compasivos, máis xenerosos. Porque a verdade é que estamos construíndo torres e torres de Babel, e o que temos que construír son casas e mesas para todos.

- Grazas, Xesús. Parabéns, María, nai bendita. Parabéns, Xosé, pai bo, admirable carpinteiro. Deixamos aquí un mapa do noso mundo, roto e manchado, para que o protexades e axudades a limpalo e recompolo.

Oración dos fieis

Un neno naceunos, un fillo déusenos. É o Salvador do mundo. O Espírito e a Esposa din: ¡Ven! Tamén nós logo de cada petición dicimos: Ven, Señor, Xesús.

- Para que a dignidade de todos os homes sexa recoñecida e respectada. *Ven, Señor Xesús.*
- Para que a Igrexa se sinta enviada a evanxelizar aos pobres e liberar aos cativos.
- Para que a paz e a xustiza florezan na terra.
- Para que o desenvolvemento sexa humano e solidario.
- Para que a globalización non sexa só económica, senón cultural, social e espiritual.
- Para que os que teñen o poder o poñan ao servizo do pobo, especialmente dos máis necesitados.
- Para que crezan as organizacións e as vocacións de voluntarios.

Oremos: Ven, Señor Xesús, cólmanos da túa graza salvadora, e fai de nós instrumentos de salvación e de paz.

Guión Litúrxico Nadal 2011



vive sinxelamente para que outros,
sinxelamente, poidan vivir

Introdución

O home arrastrábase polas páxinas da historia, manchándoas con barro e con sangue. Chamado a ser un pequeno deus na terra, perdera a súa dignidade e a súa beleza. A dignidade do ser humano é o valor que entrou en crise, cando non é a persoa o centro da vida social, económica, empresarial.

Pero Deus enviou o seu Fillo á casa humana para restaurala e devolver ao home a súa auténtica dignidade. Por iso naceu de Santa María Virxe. Quería Deus vestirse de home e vivir desde dentro a condición humana para salvala.

É este o gran misterio que nos dispomos a celebrar nesta Eucaristía de Nadal.

Acto penitencial

- Ti, Señor, naciches pobre e enriquecichesnos co teu amor. Nós preferimos acaparar riquezas, aínda que fagamos pobres aos demais.
— Señor, ten piedade de nós.
- Ti, Señor, preferías servir e vestíasnos de dignidade. Nós queremos que nos sirvan e crémonos superiores aos demais.
— Cristo, ten piedade de nós.
- Ti, Señor, perdoábasnos e bendicíasnos coa paz. Nós dividímonos, resentidos, e enfrontámonos con violencia.
— Señor, ten piedade de nós.

Lecturas

Is 9, 2-7; Tt 2, 11-14; Lc 2, 1-14

A Palavra de Deus que imos escoitar é unha Boa Noticia capaz de encher os nosos corazóns de alegría e esperanza. Un Neno naceunos, é o Príncipe da paz, a Graza que Deus nos dá.

Abramos o corazón á Palavra, deamos gloria a Deus por ela e que a nosa vida se encha de paz.

Para a homilía

1. Recuperando a dignidade humana

Cando un loita pola “dignidade” propia ou a dos demais, indígnase. Pois velaquí a un Deus “indignado”, por salvar e devolver a dignidade ao home.

Pero Deus é Amor. –Como será a indignación do Amor? Un Amor indignado fai tolemias. Foi o que fixo Deus. Para dignificar ao home humanizouse. Iso só se lle ocorre a Deus.

Fíxose home para que o home se fixese deus.

Fíxose servo para que o home chegase a ser señor.

Fíxose pobre para que o home se enriquecese.

Fíxose “pecado” (cf. 2 Co 5, 21) para que o home se convertese en templo do Espírito Santo.

Fíxose amigo para que o home vivise no amor.

-En que está a dignidade humana?

É importante a resposta, porque nos vai niso a vida.

- Non está en rodearse de poder e grandeza. A dignidade conseguida sería á conta da dignidade dos demais. Fíxate no espello do neno divino.
- Non está en acumular riquezas. A dignidade conseguida sería á conta da miseria dos demais. Fíxate no espello do neno divino.
- Non está en cultivar a ciencia e a sabedoría. A dignidade conseguida faríanos desprezar aos demais. Fíxate no espello do neno divino.
- Non está na beleza, no éxito, no aplauso. A dignidade conseguida humillaría aos demais. Fíxate no espello do neno divino.
- Non está nin sequera na “santidade”. A dignidade conseguida podería apartarnos dos demais. Fíxate no espello do neno divino.

Para isto veu Deus, para ensinarnos que o que realmente define e eleva ao home é o amor, porque o home está feito a imaxe de Deus. Veu a dicirnos co seu exemplo que o home se realiza mellor cando se relaciona cos outros, que se fai máis grande cando acepta a súa verdade, que é máis auténtico cando serve, que é máis feliz cando comparte, que é máis sabio cando se abre á transcendencia, que é máis señor cando valora ao outro

máis que a si mesmo, que é máis santo cando ama ao outro máis que á súa propia vida, como fixo Xesús.

O nacemento do Fillo de Deus en Belén, Casa do Pan, de María Virxe, supón unha revolución universal, un cambio de valores radical. Aquel neno do pesebre era a semente dun home novo, que el chamaría Reino de Deus. Entre bágoas e sorrisos gritábase que outro mundo é posible, pero pondo os medios. Porque:

- O camiño da felicidade pasa pola austeridade.
- O camiño da paz pasa pola xustiza.
- O camiño da abundancia pasa pola solidariedade.
- O camiño da liberación pasa polo esforzo e a creatividade.
- O camiño da salvación pasa polo amor.

E agora, logo de vinte séculos, –podemos afirmar que aprendemos a lección do Nadal? Celebramos, si, os “nadaís”, pero non vivimos o Nadal. Os “nadaís” tranquilíznos, confórmanos, adórméntannos, regálannos e engórdannos. O Nadal interpélanos, espértanos, alégranos, iluminánnos e acéndennos. Os “nadaís” pasan, o Nadal permanece. Os “nadaís” danse a man coas ilusións, o Nadal coa esperanza. Os “nadaís” vístense luxosa e escandalosamente. O Nadal vístese de austeridade. Os “nadaís” instálannos. O Nadal estímánnos. Os “nadaís” converten o misterio en consumo. O Nadal axeónllase ante o misterio en adoración.

2. En tempo de crise oramos ao Emmanuel

Fatigados, moi fatigados, chegamos a Belén. A peregrinación foi dura e perigosa. Pasamos por terras difíciles. Todas sufrían os efectos da insolidariedade. Por todas partes se oían críticas e queixumes, cun denominador común: “estamos en crise”. Pero tamén se captaban anuncios de superación e de cambio.

Ante o pesebre

Non somos Reis Magos. Somos un grupo de dez persoas, feridas pola crise.

- Velaquí un mozo en paro. Ofréceche, Xesús, as súas mans atadas.
- Velaquí un pobre con fame. Ofréceche, Xesús, o seu baleiro e miseria.
- Velaquí un home endebedado. Ofréceche, Xesús, as súas débedas e hipoteca.
- Velaquí unha muller torpemente enganada. Ofréceche, Xesús, a súa impotencia e a súa vergoña.